



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: QXIS avanzado aplicado ao medio mariño e á xestión dos recursos mariños

CONVOCATORIA: 1ª Convocatoria autonómico

GRUPO: Consellería de Mar

ÁREA: Consellería de Mar

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 02/03/2024 - 09:00h ao 11/03/2024 - 14:00h

RESPONSABLE: FERNÁNDEZ MÁRQUEZ, DIANA [diana.fernandez.marquez@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo do curso é ampliar a capacitación necesaria aos/ás técnicos/as da Consellería do Mar para a utilización dunha ferramenta de software cada vez mais necesaria para a aplicación na xestión dos plans marisqueiros.

DESTINATARIOS

Persoal técnico que ocupe prazas e realice as funcións de biólogo/a de zona ou técnico/a en zonas e instalación de produción, así como personal técnico do CIMA que teña relación directa coa investigación e seguimento de recursos mariños, resto do persoal técnico da Consellería do Mar e do resto das consellerías cuxo traballo teña relación directa co recursos mariños obxecto do curso.

PROGRAMA

Sesión 1. Recordatorio dos Sistemas de información Xeográficos

Teoría: Introducción xeral: Que é un SIG, estrutura, sistemas de coordenadas, BBDD, análises, mapas temáticos, carga e descarga de información

Práctica: Abrir algúns proxectos xa preparados para ir coñecendo as funcións do programa, realizar modificacións en capas, cores, etc.

•Sesión 2. Importación/exportación de ficheiros espaciais e BBDD

Teoría: Importación de datos tabulados e ligazón de táboas. Importación de datos GPS. Ferramentas de conversión de arquivos raster, vectorial e Kml. Xestión de bases de datos e bases de datos espaciais. Unións espaciais e estatísticas a partir da info da BBDD e a súa posición espacial. Creación de isóbatas.

Complementos QGIS: AutoSaver (gardado automático), QuickMapServices (engade información de distintos mapas ao proxecto), Spreadsheet Layer (converte os datos Excel en shapefile), Table Manager (edición de datos de táboas, campos/columnas)

Práctica: Exercicios relacionados

•Sesión 3. Infraestruturas de datos Espaciais (IDEES) e Geoprocesamiento

Teoría: As infraestruturas de datos espaciais (IDEES). Que son, como buscalas e utilízalas. Traballo con Geopackage de QGIS, Edición e simboloxía avanzada. Geoprocesamiento vectorial. Ferramentas de extracción, superposición e proximidade. Creación de cuadrículas de mostraxe. Análise espacial complexo

Complementos QGIS. MMQGIS (edición de capas vectoriais). Digitizing Tools (creación de entidades vectoriais), Lat/ Lon Tools (conversor de coordenadas)

Práctica: Exercicios relacionados

•Sesión 4. Modelos Dixitais do terreo e interpolación de datos

Teoría: Uso de imaxes raster, Xeración de modelos dixitais a partir de datos vectoriais, Técnicas de interpolación de datos (IDW, KRIGING), creación de TIN Curvas de nivel, Cálculo de pendentes, Mapas de sombreado, Orientacións. Complementos QGIS: Photo2 Shape (Obtén información georeferenciada de imaxes geoetiquetadas)

Práctica: Exercicios relacionados

•Sesión 5. Impresión avanzada e presentación de resultados

Teoría:, Impresión avanzada.

Complementos QGIS: QGIS2web, QGIS Cloud OGR2 Layers (creación de paginas web), Atlas (Converte mapas en libros de mapas)

Práctica: Configuración de páxina de impresión e crear persoais. Creación de visores web a partir dos datos espaciais existentes

•Sesión 6. Resumo final

Teoría: Personalización da interface de QGIS

Complementos QGIS: GEarth view, (visualizador de datos en Google Earth)

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Persoal técnico priorizandoo do seguinte xeito:

- 1.- Persoal técnico que ocupe prazas de tecnico facultativo de xestión dos recursos mariños ou similares.
- 2.- Personal técnico que tenga relación directa coa investigación e seguimento de recursos mariños que xa realizase algún curso de iniciación ao QXIS.
- 3.- Resto do persoal técnico da Consellería do Mar cuxo traballo teña relación directa co recursos mariños obxecto do curso que xa realizase algún curso de iniciación ao QXIS
- 4.- Resto do persoal técnico das Consellerías que xa realizase algún curso de iniciación ao QXIS
- 5.- Criterios xerais da EGAP.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 03/04/2024 a 17/04/2024

NUM. PRAZAS: 13

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 17/04/2024 ás 13:30h

DOCENTES NOMEADOS

JORGE RIBÓ LANDÍN

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 3 (Informática): Os días 03, 04, 05, 15, 16 e 17 de abril de 09:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA